

Táboas Salariais 2008. Ensino Non Regulado

A CIG-ENSINO NON ASINOU A REVISIÓN SALARIAL DO ENSINO NON REGULADO PARA O 2008

O pasado día 10 de xuño, asinou o acordo de Revisión Salarial do Ensino Non Regulado para o 2008 por todas as patronais do sector e as organizacións sindicais FETE-UGT e CCOO. A CIG-Ensino non asinou este acordo, non só por estar moi lonxe das nosas demandas, senón porque consideramos que é negativo e supón xa, de feito, unha perda de poder adquisitivo para o persoal afectado polo mesmo.

Cal foi a proposta da CIG-Ensino?

En coherencia cos criterios aprobados pola nosa Confederación, desde a CIG-Ensino manifestamos que o IPC non debe ser a única referencia válida para negociar a suba salarial, xa que moitos convenios teñen salarios demasiado precarios que haberá que ir actualizando ata poñer en cifras máis dignas.

Así pois, nós tomamos como referencia o salario medio anual do ano anterior (en Galiza 17.200 €). Para aqueles salarios que cheguen ou superen esta cantidade, aceptaríamos

unha suba igual ao IPC do ano anterior, o 4,2 %. Para os que sexan inferiores, deberá aplicarse algún punto máis que se achegue a unha suba de 650 € anuais, de cara a ir incrementando máis os salarios máis baixos que, nalgúns casos, rozan o Salario Mínimo Interprofesional (SMI).

Por suposto, solicitamos estas subas en todos os conceptos e facemos tamén outras dúas peticións:

- ✍ Que se introduza unha Cláusula de Revisión Salarial que garanta a diferenza entre a suba aplicable e o IPC real ao final de cada ano, para conservar o poder adquisitivo.
- ✍ Que se eliminen os tramos establecidos na limitación das cantidades do Plus de Transporte en función do tipo de xornada (50 % ou 25 %), pois consideramos que os gastos de desprazamento son iguais independentemente do nº de horas traballadas.

Cales son os termos en que se asinou o acordo?

- ✍ Admitiron finalmente as partes asinantes a proposta das patronais, que se resume nos seguintes puntos:
- ✍ Incremento dun 4,2 % en Salario base e CPP (Complemento de Perfeccionamento Profesional, antes de Antigüidade).
- ✍ Non se contempla incremento no resto dos Complementos funcionais.
- ✍ Aceptan incrementar o Plus de Transporte un 4,2 % este ano, pero coa condición de que non sexa materia negociable nos anos posteriores. Non se suprimen os tramos antes mencionados.
- ✍ Non se contempla Cláusula de Revisión Salarial. (Nós insistimos en que isto xa supón unha perda nesta intre, pois o IPC xa está no 4,7 %)

Táboas salariais

VI Convenio Colectivo de Ensino e Formación Non Regulada (ano 2008)

Categorías profesionais	Ano 2008
Profesor/a titular	13.064,27
Profesor/a de taller	13.064,27
Profesor/a Auxiliar ou Adxunto/a	11.609,13
Instructor/a ou Experto/a	10.881,82
Educador/a social	13.064,27
Xefe/a de Administración	14.785,18
Oficial administrativo/a 1ª	12.069,06
Oficial administrativo/a 2ª	11.709,82
Orientador/a profesional	11.709,82
Auxiliar administrativo/a	10.064,24
Redactor/a- Corrector/a	10.064,24
Axente comercial	9.956,44
Encargado/a de Almacén	12.073,64
Empregado/a de Servizos Xerais	9.956,44
Auxiliar non docente	9.956,44
Monitor/a- Animador/a	9.956,44
Titulado/a non docente	13.064,27

CPP ANO 2008

381,60

PLUS TRANSPORTE ANO 2008

110,06 euros/ mes. Se teñen o 50% ou máis da xornada anual
55,02 euros /mes. Se teñen menos do 50% e máis do 25% da xornada anual
33,29 euros /mes. Se teñen o 25% ou menos da xornada anual

A nosa valoración do acordo e das negociacións

En canto ao acordo, supón un retroceso pois non só significa non avanzar na mellora dos salarios senon que, pola contra, o persoal verá mermado o seu poder adquisitivo.

En canto á negociación, pareceunos unha auténtica farsa, pois exercéronse todo tipo de presións para que a CIG-Ensino asinara e até se nos acusou de evitar na primeira reunión o acordo que finalmente asinaron na segunda, utilizando artimañas, mentiras e acusacións, non só na propia reunión e na súa acta, senón tamén nalgúns "panfletos" que unha organización sindical (UGT) distribuíu e que non entramos a valorar pois descalificábase por si só, polo tipo de expresións utilizadas (fálase nel das "lentes deformadas do fanatismo nacionalista"), e por entrar en valoracións e relatos de comportamentos persoais, máis propios dunha revista do corazón que dun folleto informativo.